

O proxecto:

(A)Pegadas

“Transitar onte para camiñar hoxe”

Xornadas contemporáneas arredor do Patrimonio Etnográfico.

Desde abril a novembro: un mes, un artista, un proxecto.

Configúrase coma un proxecto expositivo colectivo que evolucionou e modificou o seu formato por mor da nova realidade. Tentando en todas as súas fases poñer en valor o talento creador en diálogo co patrimonio etnográfico que configuran os fondos da colección Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo. Considerando que as nosas orixes e o noso pasado merecen ter unha presenza tanxible na nosa actualidade, conversamos arredor da nosa cultura material e simbólica desde unha ollada contemporánea co fin de camiñar cara novas formas comunicativas, novas posibilidades e novos futuros para o noso tecido cultural.

O proxecto (A)Pegadas pretende levar a un primeiro plano o noso patrimonio etnográfico co fin de xerar unha conversa dinámica e múltiple que nos lembra a importancia das nosas raíces e da súa construción, da nosa mitoloxía, simboloxía, artesanía e costumes como piares da nosa cultura. Considerando que dito patrimonio debe formar parte do noso presente e futuro. Desde abril a novembro, cada mes achegará a inauguración dun dos proxectos dos nosos artistas acompañado de entrevistas e contido audiovisual que permitirá o achegamento do público aos artistas, ás súas creacións e aos seus procesos de produción.

Este proxecto o configuran unha selección de artistas multidisciplinares, abordando deste xeito o concepto da luz e a súa simboloxía mesturada coa materialidade da pintura da man de Diego del Río; a simboloxía relixiosa desde a ilustración e a cerámica colmada de perspectivas futuras de Loreto Arnaz; a delicadeza da memoria, do tempo e da súa pegada desde o audiovisual con Berta Pan; a tradición dos tecidos, do tear como proceso de creación cos tramados gráficos de María Gar; a sutileza e interpretación da menciña tradicional desde a mirada gráfica de Aida López que, xunto con Abraham Alonso, Thomas Apostolou e Chiño Eirín, configuran unha mostra multidisciplinar que emerxe da relación directa co Museo, os seus espazos, persoas e sensibilidades. Co fin de xerar novas interpretacións, emocións e conversas arredor da nosa etnografía, arredor das nosas orixes. Xerando rede e compartindo, porque cremos que medramos e avanzamos (A) pegadas desde o colectivo e coa cultura como motor.

Artistas: Diego del Río, Loreto Arnaz, Berta Pan, María Gar, Aida López, Abraham Alonso, Thomas Apostolou e Chiño Eirín

Datas: do 13 de abril ao 31 de decembro de 2021

Organiza: Museo Liste - Etnográfico de Vigo

Comisariado e coordinación: Alexandra R. Rey

Deseño gráfico e fotografía: DousErres

